



VIXILIA PASCUAL

Queridos irmáns

Onte escoitabamos como o Evanxeo de Xoán narra o momento culminante do proceso no Pretorio: *Pilatos dixo “Entón, ti es rei? Xesús contestoulle: “Ti o dis, son rei. Eu para isto nacín e para isto vin ao mundo: para dar testemuño da verdade. Todo o que é da verdade escoita a miña voz. Pilatos díxolle: “E que é a verdade?”.*

Un mundo pechado no propio horizonte –o César–, ao que só lle parecen significativos os seus propios intereses e, por iso, o dominio das forzas en xogo e as posibilidades de enriquecemento, considera irrelevante, non ten cabida para a pregunta, para o testemuñarse da verdade sobre a persoa –a cal, como tal, non lle preocupa– nin, por tanto, tampouco sobre Deus.

Tamén nós escoitamos hoxe a mesma pregunta de Pilatos: Que importamos nós ao mundo, o noso destino, a nosa verdade no horizonte dos grandes proxectos e construcións políticas? Más aínda, que importa cada un de nós no gran mecanismo da natureza?

En realidade, non podemos aceptar que a nosa persoa, o interese da nosa alma, o ben da nosa vida é insignificante á hora de existir no mundo, de ir facendo a historia. Máis ben, ao revés, non é a verdade da nosa alma o ben verdadeiro, sen o cal se distorsiona o mundo?

Percibimos a posta en cuestión das nosas persoas, do significado da nosa existencia, que o mundo non nos pode dar. Mentres que nolo lembra a mirada dos seres queridos sobre nós, e reciprocamente a dignidade profunda que nós lles recoñecemos a eles en calquera circunstancia –en calquera dor–, a nosa afirmación apaixonada do seu ben e da súa vida. Todo iso parece atopar, con todo, un límite insuperable na morte: na fronteira dun mundo separado de Deus.

A morte ha de estender a súa escuridade sobre todas as cousas, sobre o mundo, deixándonos a cada un como en segundo plano, esquecidos rapidamente no cambio dos tempos, coma se fôsemos insubstanciais? Ha de cubrirse de silencio o destino das persoas, aínda cando o noso corazón se rebele, non poida acomodarse a iso?

A resurrección do Señor compréndese en primeiro lugar persoalmente: Xesús, de quen Pilatos dixera *velaquí o home*, non vendo para nada a verdade das súas palabras; Xesús, que a súa Nai vira morrer na cruz, aquel en quen os seus discípulos confiaran; Xesús por quen choraba aínda María Magdalena, resucitou glorioso de entre os mortos.

Antes mesmo de pensar na súa gloria, na vida nova e eterna, nas portas do Reino dos Ceos que se abren, percibimos o feito primeiro: resucitou Xesús, o meu amor e a miña esperanza! E a luz enche o corazón para sempre. O mundo enteiro, todas as mentiras da historia, todas as dores e as ameazas da morte, xa non poden sepultalo; xa non poden sepultarnos.

O máis íntimo, o máis verdadeiro–o seu Corazón– mostrouse como o máis relevante, o máis definitivo da historia, a salvación do mundo.

Non poñemos xa as nosas esperanzas nos bens que ofrece o mundo; ao revés, levamos nós a esperanza, que brilla nos nosos corazóns, alí onde non se atopaba, e facemos presente unha compañía vencedora da morte alí onde reinaría a soidade, onde non se pronunciarían os nosos nomes de verdade, onde non eramos esperados.

Xesús resucitou. E con El as promesas do corazón, a certeza de Deus o noso Pai e dunha vida verdadeira e eterna, feita de amor, de entrega, de compañía plena.

Na súa resurrección brilla o seu rostro, e no seu o dos nosos seres queridos, os nosos pais e nais, esposos, fillas e fillos, amigos, tantos, e, por iso, todos, os que facemos xuntos a historia desde Adán e Eva.

Na súa resurrección Xesús ilumina os nosos corazóns, quita as nosas soidades, abre o noso futuro. Non miraremos xa o mundo sen El, coma se a verdade, a dignidade das persoas non fose factor relevante na vida, coma se o amor ao próximo puidese ser cousa privada, coma se puidésemos aceptar que todo fose escurecido outra vez polo veo da morte.



Cristo resucitou, o noso amor e a nosa esperanza. Unímonos a El pasando da morte á vida no bautismo.

Celebrarémolo no gran sacramento da Eucaristía, facendo memoria del todos os días, todos os domingos, a Pascua de todos os anos. A nosa oración será mañá e tarde o Noso Pai . Cantaremos sempre a nosa alegría, *Aleluia!*

Á luz da súa presenza miraremos o mundo, os uns aos outros. E faremos presente a todos a nosa esperanza, as nosas certezas, a Palabra e o Amor que esperan todas as xentes: a Palabra da vida, que se fixo carne definitivamente e a vivificou para sempre.

+Alfonso,
Bispo de Lugo